

PRESIDENTA:

Dona M^a Victoria Alonso Méndez

VOGAIS:

Dona Olga M^a García Ballesteros
 Dona Raquel Giráldez Armas
 Dona Ana María Mejias Sacaluga
 Dona Iria Lamas Salgueiro
 Dona Ana Laura Iglesias González
 D. Santos Hector Rodriguez Díaz
 Dona Noemí Outeda Prol
 Dona María Paz Lago Martínez
 D. Jorge Cubela López
 D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
 D. Javier Tourís Romero
 D. Ignacio Maril Pardo
 D. José Carlos López Campos
 D. José Alfonso Marnotes González
 Dona María Ortega Iñarrea

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA
COMISION INFORMATIVA DE
IGUALDADE CELEBRADA O DIA 20 DE
XANEIRO DE 2023**

En Pontevedra, sendo as doce horas e quince minutos do día 20 de xaneiro de 2023, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Victoria Alonso Méndez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade.

Actúa como Secretaria, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Dona. Lucía Muradas Arcay, Xefa do Servizo de Igualdade.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

**1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 16 DE
DECEMBRO DE 2023.**

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 16 de decembro de 2023.

**2. DAR CONTA DO DAS PREMIADAS DA VII EDICIÓN DOS PREMIOS SOFIA NOVOA
ORTÍZ Á INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS TRABALLOS DE FIN DE
GRAO E FIN DE MÁSTER (Código de Expediente 2022056410)**

A xefa do Servizo de Igualdade elabora un informe con data 13 de decembro de 2022, sobre o concurso de relatos “Cambiamos o conto”, cuxo contido literal é o seguinte:

“A Deputación de Pontevedra, dentro das súas múltiples liñas de actuación na promoción da igualdade real e efectiva, promove desde 2016 os Premios Sofía Novoa Ortiz á Inclusión da Perspectiva de Xénero nos Traballos de Fin de Grao e de Fin de Máster, que representan unha clara aposta por dar a coñecer a inclusión da perspectiva de xénero nos diferentes traballos académicos e de investigación do alumnado da Universidade de Vigo realizados nos campus de Vigo e de Pontevedra.



Coa sétima edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á Inclusión da Perspectiva de Xénero nos Traballos de Fin de Grao e de Fin de Máster a Deputación de Pontevedra quere darlle continuidade a esta actuación que pretende sensibilizar o alumnado da Universidade de Vigo sobre a igualdade de xénero, para fomentar a súa investigación e estudo, e premiar os traballos de fin de máster e de fin de grao que incorporen a perspectiva de xénero.

Por Resolución Presidencial núm. 2022006629 de data 20 de setembro de 2022, aprobáronse as bases reguladoras da VII Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster. Ditas bases publicáronse no BOPPO núm. 184 de 26 de setembro de 2022.

A esta convocatoria presentáronse un total de cinco solicitudes para os Traballos de Fin de Máster e sete solicitudes para os Traballos de Fin de Grado. Destas sete solicitudes na categoría de Traballos de Fin de Grado, dúas solicitudes teñen que excluírse porque presentan o traballo xunto coa solicitude incumprindo as bases da convocatoria.

Tal e como se recolle na base décimo segunda das citadas bases reguladoras da convocatoria, os traballos gañadores foron seleccionados por un xurado, nomeado para estes efectos por resolución presidencial, e está composto por:

- Presidenta: a xefa do Servizo de Igualdade da Deputación ou a persoa en quen delegue
- Vogais: dúas persoas pertencentes ao persoal docente e investigador (PDI) da Universidade de Vigo e unha persoa funcionaria da Deputación de Pontevedra.
- Secretaria: a técnica do Servizo de Igualdade, que terá voz e voto

Por Resolución Presidencial núm. 2022007609 de data 25 de outubro de 2022, désígnanse as persoas integrantes do xurado da VII Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz.

O 16 de decembro de 2022, reunense na sala de Comisións do Pazo Provincial, as persoas integrantes do xurado nomeado para emitir o resultado da VII Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster; presidido por Lucia Muradas Arcay, xefa do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra; vogais: María M. Álvarez Lires, didáctica das ciencias experimentais na Facultade das Ciencias da Educación e do Deporte, Universidade de Vigo, campus de Pontevedra; Silvia Pérez Freire, profesora na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Universidade de Vigo, campus Pontevedra; Miriam Raposeiras Roubín, redactora xefa do Servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra; e actuando como secretaria Ana Isabel Amoedo Garrido, técnica do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra.

Tras a valoración de cada un dos traballos presentados a esta convocatoria e tendo en conta os criterios de valoración sinalados na base decimo segunda das bases reguladoras da VII edición dos premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster, as persoas integrantes do xurado, tal e como se recolle na acta do xurado da VI Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster, acordase a concesión dos seguintes premios:



TRABALLOS DE FIN DE GRADO

Código expediente	APELIDOS E NOME	DNI	TÍTULO	PREMIO
2022063180	Raquel Álvarez Martínez	77.012.424-Y	<i>O traballo por proxectos e o álbum ilustrado para promover a igualdade de xénero en educación infantil</i>	1.000 €
2022062946	Elena Moldes Carballal	77.481.137-W	<i>Visibilidade y representación de la mujer en la divulgación científica: análisis crítico de la revista National geographic en 2020</i>	1.000 €
2022062853	Alba Fernández García	39.468.911-Z	<i>Mujer y prisión en España</i>	600 €

TRABALLOS DE FIN DE MÁSTER

Código expediente	APELIDOS E NOME	DNI	TÍTULO	PREMIO
2022063607	Nuria Bouzas Loureiro	35.488.334-R	<i>O álbum e a novela gráfica como recurso didáctico para unha educación en igualdade na ensinanza das artes plásticas de secundaria</i>	1.000 €
2022061037	Rebeca López Villar	39.460.642-W	<i>Proposta de diccionario feminista de termos cinematográficos para o profesorado de bacharelato. A igualdade de xénero no currículo de cultura audiovisual</i>	1.000 €
2022063411	Emma Juncal Paredes	53.611.924-M	<i>Análisis de los estereotipos de género en alumnado de Educación Infantil enmarcado en las ciencias experimentales</i>	600 €

Estes importes están suxeitos á correspondente retención do IRPF segundo a lexislación vixente."



3. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e dezaseis minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

